

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público Nº 14/2015, polo procedemento de urxencia, para contratar persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos a esta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes bases.

## 1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é contratar persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos I e II da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará especificamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado.

## 2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran nos anexos I e II desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.
- Os estranxeiros que non estando incluídos no parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión da titulación válida en España que se indique nos anexos I e II da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

### 3.-SOLICITUDES

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberá solicitalo ao reitor da USC en instancia, segundo o modelo que figura como anexo III desta convocatoria, no prazo de DEZ (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria.

As solicitudes serán presentadas nos Rexistros Xerais da USC, sitos no Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, nos Servizos Centrais do Campus de Lugo, Edificio Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo, no Rexistro da Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio Cactus, Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

### 4.-DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes, para seren admitidos ao proceso selectivo, acompañaran necesariamente á súa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos
- As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego, que deberá facerse por un tradutor xurado debidamente autorizado en España.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no anexo I e II da convocatoria.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados.

### 5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de CINCO (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.

Contra a exclusión definitiva poderase interponer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o Reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse non seu momento.

## 6.-PROCESO DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase salvaguardando os principios constitucionais de igualdade, merito e capacidade.

O investigador propoñente á vista das solicitudes presentadas e dos criterios de baremación publicados deberá presentar á comisión de selección, da que forma parte, un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas.

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por: Presidente:

Isabel Rodríguez-Moldes Rey, Vicerreitora de Investigación e Innovación.

Secretario: Emilio Santos Vigo, Xefe do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D Vogais:

Rogelio Conde-Pumpido Tourón, Director da Área de Xestión e Valorización de I+D Dolores Pérez Meiras, investigadora da USC.

O investigador principal da actividade ou proxecto de investigación propoñente da praza, que figura nos anexos I e II destas bases.

A Comisión de selección constituirase para cada unha das prazas que figuren nos anexos I e II destas bases, formando parte da mesma o investigador proponente da devandita praza.

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollos ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión, coa asistencia, como mínimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso.

A partir da súa constitución a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza, como mínimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros.

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

A comisión de selección tendo en conta os criterios de baremación publicados e o informe do investigador propoñente valorará os méritos alegados polos aspirantes. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

A comisión, para elaborar a proposta de adxudicación ordeará as solicitudes de maior a menor, correspondendo a proposta de adxudicación ao aspirante con maior puntuación. Dita proposta elevarase ao Reitor da USC, para a súa adxudicación.

A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adxudicación do posto convocado.

## 7.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

As características dos contratos son as establecidas, para cada caso concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

## 8.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

## 9.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

## 10.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os figuran, para cada praza en concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

## 11.-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 59.6b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse no taboleiro de anuncios da Reitoría, única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.

Así mesmo serán publicadas no taboleiro de anuncios da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e no taboleiro de anuncios da Oficina de Investigación e Tecnoloxía e na páxina web da Vicerreitoría de Investigación <http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=gl&s=-2-26-128-129>

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao

da súa publicación de conformidade cos artigos 46 e 10.1º.a) da Lei da Xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2015

Por delegación do Reitor

(Resolución do 19/06/2014, DOG 30/06/2014)

A Vicerreitora de Investigación e Innovación,



Isabel Rodríguez-Moldes Rey



## ANEXO I

### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema universitario de Galicia. (GRC)
<b>Referencia da actividade:</b>	2013-PG070
<b>Centro de traballo:</b>	CIQUS
<b>Investigador principal:</b>	Mascareñas Cid, José Luis

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

<b>Traballo a realizar:</b>	Síntese de inhibidores das beta-lactamasas
-----------------------------	--

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	600,00 €
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	4 meses e 23 días
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo completo
<b>Categoría:</b>	Investigador/a en formación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a - Grao en Química. <b>Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC</b>
<b>MERITOS:</b>	Máster en Química, 20 puntos. Experiencia na síntese de derivados penicilánicos, 50 puntos. Expediente académico, 20 puntos. Comunicación en congresos e publicacións, 10 puntos

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	New topological insulators based on oxide nanostructures. (EMERXENTES)
<b>Referencia da actividade:</b>	2013-PG008
<b>Centro de traballo:</b>	Física
<b>Investigador principal:</b>	Pardo Castro, Víctor

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Estudos de fenómenos de catástrofe polar en óxidos nanoestruturados mediante técnicas de primeiros principios e a súa relación coas propiedades topolóxicas de óxidos

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	780,00 €
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	6 meses e 7 días
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo parcial
<b>Categoría:</b>	Técnico/a superior de apoio á investigación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a - Grao en Física
<b>MERITOS:</b>	Expediente académico, 20 puntos. Coñecementos de inglés (conversa e vocabulario científico), 15 puntos. Manexo de ferramentas informáticas (UniX, python, LaTeX), 15 puntos. Entrevista persoal aos tres mellores candidatos, 50 puntos.

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Simetria, homogeneidad e curvatura. EMERXENTES
<b>Referencia da actividade:</b>	2014-PG017
<b>Centro de traballo:</b>	Matemáticas
<b>Investigador principal:</b>	Díaz Ramos, José Carlos

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Resolución de ecuacións de evolución xeométrica

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	1173,00€
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	12 meses
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo completo
<b>Categoría:</b>	Investigador/a en formación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a - Grao en Matemáticas. <b>Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC</b>
<b>MERITOS:</b>	Expediente académico, 40 puntos. Coñecementos de Xeometría de Riemann, 15 puntos. Coñecementos de programación (cálculo simbólico), 10 puntos. Entrevista persoal aos 3 mellores candidatos. 35 puntos

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto



### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Consolidación e estruturación. GRC GI-1638 Arquitectura de Computadores
<b>Referencia da actividade:</b>	<b>2014-PG108</b>
<b>Centro de traballo:</b>	CITIUS
<b>Investigador principal:</b>	Fernández Rivera, Francisco Manuel

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

<b>Traballo a realizar:</b>	Desenvolvemento de solucións en sistemas multinúcleo ó procesamento de información LiDAR.
-----------------------------	---

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	1173,00€
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	10 meses y 1 días
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo completo
<b>Categoría:</b>	Investigador/a en formación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a - Grao en Informática ou Enxeñería Informática. <b>Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC</b>
<b>MÉRITOS:</b>	Expediente. Máster de interese para o proxecto. Tese doutoral no ámbito do proxecto., 40 puntos. Coñecementos de procesamento de datos LiDAR. Coñecementos de computación paralela: OpenMP e MPI., 35 puntos. Entrevista persoal aos 6 mellores candidatos., 25 puntos.

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Consolidación e estruturación. GRC GI-1636 Grupo de Sistemas Intelixentes
<b>Referencia da actividade:</b>	2014-PG093
<b>Centro de traballo:</b>	CITIUS
<b>Investigador principal:</b>	Barro Ameneiro, Senén

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar :** Recoñecemento non supervisado de escenas aplicado a navegación de robots. Aplicación nun robot móvil P3DX

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	1173,00€
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	15 días
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo completo
<b>Categoría:</b>	Investigador/a en formación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a - Grao en Enxeñaría Informática. <b>Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC</b>
<b>MERITOS:</b>	Coñecemento de técnicas de visión por computador axeitadas para as actividades a realizar, 20 puntos. Coñecemento de robótica e manexo de robots, 20 puntos. Entrevista persoal, 40 puntos. Coñecemento de técnicas de recoñecemento de patróns, 20 puntos.

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Consolidación e estruturación. GPC GI-1597 Descubrimiento e síntese de fármacos
<b>Referencia da actividade:</b>	2014-PG037
<b>Centro de traballo:</b>	Farmacia
<b>Investigador principal:</b>	García Mera, Xerardo Xusto

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Síntese e avaliación farmacolóxica de novos compostos con potencial actividade neuroprotectora e/ou moduladora de receptores de dopamina

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	1500,00€
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	3 meses e 13 días
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo completo
<b>Categoría:</b>	Investigador/a en formación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a - Grao en Farmacia. <b>Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC</b>
<b>MERITOS:</b>	Master en I + D de medicamentos, 20 puntos. Experiencia en síntese orgánica, 30 puntos. Experiencia en avaliación farmacolóxica, 30 puntos. Entrevista persoal, 20 puntos

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

## PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Desenvolvemento dos Servizos Xerais de Apoio á Investigación. Convenio coa Consellería de Educación, período 2014-2016)
<b>Referencia da actividade:</b>	2014-AD011
<b>Centro de traballo:</b>	Servizo de Relacións Exteriores (Santiago)
<b>Investigador principal:</b>	Rodriguez-Moldes Rey, María Isabel

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

## OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Apoio na xestión, xustificación e seguemento dos proxectos financiados por programas xestionados pola EACEA (Education, Audiovisual and Culture Executive Agency) ou por outras Direccións Xerais sa UE (p.e. DG JUSTICE), coordinados ou participados USC

## CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	1600, 00€
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	11 meses e 1 día
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo completo
<b>Categoría:</b>	Técnico administrativo

## REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a - Grao en Licenciado en Filoloxía Inglesa
<b>MERITOS:</b>	Nivel de inglés avanzado, 30 puntos. Coñecementos de excel e access, 10 puntos. Formación en deseño de páxinas web, 10 puntos. Experiencia acreditada (máis de 2 anos) en xestión de proxectos europeos (financiación EACEA), 50 puntos

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Agrupacións estratéxicas 2015 - AEFIS
<b>Referencia da actividade:</b>	2015-PG034
<b>Centro de traballo:</b>	Física
<b>Investigador principal:</b>	Salgado López, Carlos Alberto

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Deseño e construción de printed circuit boards, Programación de FPGAs con VHDL, Deseño e construción de ASICs, Programación sistema de monitoraxe LABVIEW

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	1950, 00€
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	12 meses
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo completo
<b>Categoría:</b>	Técnico/a superior de apoio á investigación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	Enxeñeiro/a Técnico/a en Electrónica Enxeñeiro/a Técnico/a en Telecomunicacións, Graduado/Licenciado en Física
<b>MERITOS:</b>	Experiencia en construción e deseño de PDBs, 15 puntos. Experiencia en VHDL, 15 puntos. Coñecemento de tecnoloxía de construción e deseño ASICs, 10 puntos. Experiencia en programación con LABVIEW, 15 puntos. Expediente académico, 10 puntos. Dominio de inglés certificado, 5 puntos. Entrevista persoal (so para aqueles candidatos con 40 puntos ou mais nos anteriores), 30 puntos

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Consolidación e estruturación. GPC GI-1209 Acuicultura e Biotecnoloxía
<b>Referencia da actividade:</b>	2014-PG073
<b>Centro de traballo:</b>	CIBUS
<b>Investigador principal:</b>	Otero Casal, Ana María

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Cultivo de larvas de moluscos bivalvos marinos. Cultivo de microalgas marinas.  
Tratamiento de datos

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	1100, 00€
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	4 meses e 14 días
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo Parcial
<b>Categoría:</b>	Técnico/a superior de apoio á investigación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a - Grao en Bioloxía
<b>MERITOS:</b>	Experiencia de investigación tanto no ámbito público como en empresas (30 puntos) Participación en proxectos de investigación (10 puntos). Valorarase dobremente aqueles relacionados con cultivo de microalgas e con cultivo de moluscos bivalvos Formación adicional (master, títulos propios, etc...) relacionados coa acuicultura e cría animal, 10 puntos. Publicacións en revistas internacionais e nacionais, asistencia a congresos, (30 puntos) .As achegas no ámbito da xenética e cultivo de moluscos bivalvos e microalgas valoraranse dobremente. Entrevista persoal aos 3 mellores candidatos ( 20 puntos)

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

## ANEXO II

### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Reducción de la Severidad del Fuego Mediante Nuevas Herramientas y Tecnologías para la gestión Integrada de la Protección contra los Incendios Forestales. - INIA
<b>Referencia da actividade:</b>	<b>2014-PN250</b>
<b>Centro de traballo:</b>	Escola Politécnica Superior
<b>Investigador principal:</b>	Ruiz González, Ana Daria

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Toma de datos de campo e o seu tratamento. Tratamento de datos de sensores remotos activos e pasivos. Especialización en variables estruturales de combustibles forestais de superficie e de copas. Uso de simuladores de incendios forestais.

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	1.463,00 €
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	12 meses
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo Completo
<b>Categoría:</b>	Técnico/a superior de apoio á investigación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a - Grao en Enxeñeiro de Montes
<b>MERITOS:</b>	Título Máster Universitario en Incendios Forestais, Ciencia e Xestión Integral, 60 puntos. Experiencia en investigación relacionada con severidad de incendios forestais, 20 puntos. Experiencia en investigación relacionada con caracterización de combustibles forestais, 20 puntos.

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

## PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Biomasa para la Bioeconomía (BIBI): Produciendo, Cuantificando y Valorando Cultivos Forestales. - INIA
<b>Referencia da actividade:</b>	2014-PN247.00
<b>Centro de traballo:</b>	Escola Politécnica Superior
<b>Investigador principal:</b>	Rodríguez Soalleiro, Roque Julio

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

## OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** toma de datos de campo, obtención de mostras de biomasa, medición de volúmenes, preparación e análise de mostras en laboratorio

## CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	1.173,00 €
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	5 meses
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo Completo
<b>Categoría:</b>	Investigador/a en formación

## REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a ou Grao en Enxeñeiro de Montes. <b>Deberán estar matriculados nun Programa de Doutoramento na USC</b>
<b>MERITOS:</b>	Master de investigación agraria e forestal. Cursos de formación sobre biomasa e bioenergía, 40 puntos. Experiencia en traballos de investigación sobre medicións en parcelas de ensaio de arbolado, toma de mostras foliares e de biomasa, traballos en laboratorio con mostras vexetais empleando LECO, ICP e Absorción atómica, 30 puntos. Participación previa en proxectos de modelización de crecemento e produción forestal, estimación de volumen e modelos matemáticos de xestión, 30 puntos

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto



### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Las fundaciones urbanas de Gallaecia y la creación de un nuevo espacio administrativo.- PROYECTOS I+D
<b>Referencia da actividade:</b>	2014-PN085
<b>Centro de traballo:</b>	Humanidades
<b>Investigador principal:</b>	Dopico Caínzos, María Dolores

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Actualización de inventarios arqueolóxicos e epigráficos (Lucus Augusti e o seu conventus), catalogación, interpretación e adaptación dos datos introducíndoo en bases interrelacionadas. Colaboración no montaxe da base de datos a utilizar

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	800,00 €
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	6 meses
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo Parcial
<b>Categoría:</b>	Técnico/a superior de apoio á investigación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a - Grao en Historia
<b>MERITOS:</b>	Expediente académico 20 puntos. Experiencia no manexo de materiais de arqueoloxía e epigrafía (excavacións, catalogación de materiais, produción científica, 20 puntos. Conocimientos teóricos e manexo de bases de datos, 10 puntos. Entrevista persoal os catro candidatos coa millor puntuación, 50 puntos

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Modificación de cadeas alquílicas con grupos hidrófobos voluminosos para el diseño de surfactantes y agentes protectores de superficies hidrófilas
<b>Referencia da actividade:</b>	2013-PN223
<b>Centro de traballo:</b>	Ciencias - Lugo
<b>Investigador principal:</b>	Vázquez Tato, José

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Incorporación de grupos adamantilo a surfactantes de cadea alquílica

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	780,00 €
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	6 meses
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo parcial
<b>Categoría:</b>	Técnico/a superior de apoio á investigación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
<b>Titulacións:</b>	Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial especialidade Química
<b>MÉRITOS:</b>	Experiencia laboral na incorporación de grupos de adamantilo a surfactantes de cadea alquílica, 50 puntos. Publicacións relacionadas coa Incorporación de grupos adamantilo a surfactantes de cadea alquílica , 40 puntos. Expediente académico, e nivel de inglés acreditado, 10 puntos

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Movilización social y poder local: la España rural entre la continuidad y el cambio político (1968-1982). - PROYECTOS I+D
<b>Referencia da actividade:</b>	2014-PN132
<b>Centro de traballo:</b>	Xeografía e Historia
<b>Investigador principal:</b>	Lanero Táboas, Daniel

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Procesar e sistematizar, para a súa posterior análise, a información obtida a partir do traballo con diversos corpus documentais (arxivísticos, orais, hemerográficos...).

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	600,00 €
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	6 meses
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo parcial
<b>Categoría:</b>	Investigador/a en formación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a - Grao en Historia. <b>Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC</b>
<b>MERITOS:</b>	Máster en Historia Contemporánea, 25 puntos. Experiencia no traballo con fontes documentais, 25 puntos. Publicacións relacionadas coa temática da actividade, 10 puntos. Expediente académico, 10 puntos. Entrevista persoal ( só se realizará aos 5 candidatos/as que acaden mellor puntuación na valoración dos méritos do 1 ao 4), 30 puntos

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Aplicación de la espectrometría de masas-ionización electrospray para la identificación y cuantificación rápida de patógenos alimentarios
<b>Referencia da actividade:</b>	2013-PN107
<b>Centro de traballo:</b>	Veterinaria
<b>Investigador principal:</b>	Calo Mata, María del Pilar

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Cultivo de cepas bacterianas, extracción de ADN e proteínas, amplificación de ADN. Análisis bioinformático de secuencias de ADN e proteínas. Análisis de datos de espectrometría MALDI-TOF y LC-ESI-MS/MS. Metaanálisis de datos para combinar datos

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	625,60 €
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	8 meses y 21 días
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo parcial
<b>Categoría:</b>	Investigador/a en formación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a - Grao en Ciencias Biológicas . <b>Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC</b>
<b>MERITOS:</b>	Master en Biotecnoloxía o similar, 30 puntos. Experiencia en Microbioloxía (cultivo e manipulación de cepas bacterianas, extracción ADN e proteínas), en informática, bioinformática (análisis de secuencias de ADN e proteínas), coñecementos de inglés científico, 40 puntos. Entrevista personal aos 3 mellores candidatos, 30 puntos

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Biomasa para la Bioeconomía (BIBI): Produciendo, Cuantificando y Valorando Cultivos Forestales. - INIA
<b>Referencia da actividade:</b>	2014-PN247.01
<b>Centro de traballo:</b>	Escola Politécnica Superior
<b>Investigador principal:</b>	Rodríguez Soalleiro, Roque Julio

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Análise de solos, augas e mostras vexetais

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	1450,00€
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	5 meses
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo completo
<b>Categoría:</b>	FP II - Ciclo Superior, Axudante de apoio á investigación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	FP II - Ciclo Superior en FP2- Análise e procesos básicos
<b>MERITOS:</b>	Coñecemento e experiencia en técnicas analíticas de solos, auga e vexetación, 30 puntos. Traballo en proxectos de investigación relacionados coas análises mencionadas, 40 puntos. Manexo de equipos de absorción atómica, absorción UV e visible, centrífugas, microondas científico, 30 puntos

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Papel en diabetes y cavernomas cerebrales de las quinasas GCKIII y proteínas asociadas. - RETOS
<b>Referencia da actividade:</b>	2014-PN217
<b>Centro de traballo:</b>	CIMUS
<b>Investigador principal:</b>	Zalvide Torrente, Juan Bautista

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Estudo dos efectos metabólicos da quinasa de estrés Mst3

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	1173,00 €
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	7 meses e 1 día
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo completo
<b>Categoría:</b>	Investigador/a en formación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a - Grao en Bioloxía. <b>Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC</b>
<b>MERITOS:</b>	<p>Acreditación experimentación animal, 30 puntos.          Experiencia en cultivos celulares, 30 puntos.          Experiencia en estudo de quinasas de estrés, 30 puntos.          Entrevista personal (sólo os dous candidatos con mellor puntuación), 10 puntos.</p>

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

## PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Patogenicidad de betanodavirus en lenguado ( <i>Solea senegalensis</i> ) cultivado y su relación con la respuesta inmune. - RETOS
<b>Referencia da actividade:</b>	2014-PN059
<b>Centro de traballo:</b>	Instituto de Acuicultura
<b>Investigador principal:</b>	Bandín Matos, María Isabel

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

## OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Analizar o efecto sobre a virulencia de mutacións puntuais nos segmentos xenómicos virales realizadas mediante a técnica de xenética inversa

## CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	1714,29€
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	24 meses
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo completo
<b>Categoría:</b>	Investigador/a asociado/a

## REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	Doutor/a en Bioloxía
<b>MERITOS:</b>	Experiencia demostrada na metodoloxía de xenética inversa, 40 puntos. Tesis doutoral realizada sobre virus de peixes, 30 puntos. Publicacións en betanodavirus, 20 puntos. Coñecemento de inglés acreditado, nivel B2 mínimo, 10 puntos

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Nuevas terapias supramoleculares dirigidas a las membranas lipídicas y basadas en nanoestructuras autoensambladas
<b>Referencia da actividade:</b>	2013-PN135
<b>Centro de traballo:</b>	CIQUS
<b>Investigador principal:</b>	Granja Guillán, Juan Ramón

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** automatización de simulacións computacionais de dinámica molecular e desenvolvemento dunha base de datos

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	1173,00€
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	2 meses e 5 días
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo completo
<b>Categoría:</b>	Investigador/a en formación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a – Grao en Enxenería informática, <b>Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC</b>
<b>MERITOS:</b>	master en computación de altas prestacións, 30 puntos. experiencia en simulacións computacionais de dinámica molecular, 30 puntos. Experiencia en desenvolvemento, aplicacións web, administración de sistemas e coñecemento de linguaxes de programación, 30 puntos. entrevista opcional aos tres mellores candidatos, 10 puntos.

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto



### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Soft computing para soporte a la Inteligencia de Negocio en social workflows.- RETOS (Subproyecto coordinador)
<b>Referencia da actividade:</b>	2014-PN126
<b>Centro de traballo:</b>	CITIUS
<b>Investigador principal:</b>	Lama Penín, Manuel

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Estudo do estado da arte en perfis de usuario en procesos, Desenvolvemento dunha arquitectura de xestión de modelos de usuario, Implementación dos compoñentes da arquitectura, Validación da arquitectura

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	1173,00€
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	4 meses
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo parcial
<b>Categoría:</b>	Técnico Superior de Apoio a Investigación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a - Grao Enxeñaría Informática
<b>MERITOS:</b>	Expediente académico, 40 puntos. Experiencia en xestión de procesos, 20 puntos. Experiencia en técnicas de representación de coñecemento, 10 puntos. Entrevista persoal (só se supera os 60 puntos), 30 puntos

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

## PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Plataforma de recursos biomoleculares e bioinformáticos, PRB2.
<b>Referencia da actividade:</b>	2013-PN039
<b>Centro de traballo:</b>	CIMUS
<b>Investigador principal:</b>	Carracedo Álvarez, Ángel María

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

## OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Actividade de xenotipado e xenómica funcional en plataformas de alto rendemento

## CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	1170,00€
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	2 meses
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo parcial
<b>Categoría:</b>	Técnico/a superior de apoio á investigación

## REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a – Grao en Bioloxía
<b>MERITOS:</b>	<p>Experiencia previa acreditada na plataforma Affymetrix e técnicas de extracción automática e manual de ADN a partir de diferentes tipos de mostras e outras actividades complementarias (purificación, cuantificación e verificación de integridade do ADN), 40 puntos.</p> <p>Formación en manexo e programación de sistemas automatizados para dispensación de mostras e reactivos, 15 puntos.</p> <p>Conocimientos en control de calidade de xenotipado, análise de datos de xenotipado e xestión de mostras, 15 puntos.</p> <p>Entrevista persoal aos tres mellores candidatos, 30 puntos.</p>

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

### PROXECTO

<b>Título da actividade:</b>	Evolución del deterioro cognitivo en el envejecimiento normal, DCL y EA: Estudio longitudinal con marcadores psicofisiológicos y de neuroimagen funcional. - RETOS
<b>Referencia da actividade:</b>	2014-PN080
<b>Centro de traballo:</b>	Psicoloxía
<b>Investigador principal:</b>	Díaz Fernández, Fernando

<b>Número de prazas:</b>	1
--------------------------	---

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

**Traballo a realizar:** Preparación e realización de rexistros de potenciais evocados e de resonancia magnética funcional, procesado dos datos e análises, en relación co Proxecto PSI2014-55316-C3-3-R

### CONDICIONS DO CONTRATO

<b>Retribución bruta mensual:</b>	1173,00€
<b>Previsión da duración do Contrato*</b>	11 meses
<b>Data de inicio prevista:</b>	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
<b>Xornada laboral:</b>	Tempo completo
<b>Categoría:</b>	Investigador/a en formación

### REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

<b>REQUISITOS</b>	
<b>Titulacións:</b>	Licenciado/a – Grao en Psicoloxía, Logopedia, Medicina. <b>Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC</b>
<b>MERITOS:</b>	Experiencia acreditada no manexo das técnicas de PE e/ou RMN, 35puntos. Publicacións, Comunicacións a Congresos, TFM, sobre a temática do Proxecto e as técnicas de PE e/ou RMN, 30 puntos. Máster en Neurociencia (15 puntos) Expediente académico, 10 puntos. Outros méritos,(cursos relacionados coas técnicas antes indicadas, dominio do inglés) 10 puntos.

\*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

### ANEXO III

#### SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA PÚBLICA 14/2015 DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA COLABORAR EN ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL

##### Datos persoais

Nome	Apelidos	NIF
------	----------	-----

##### Domicilio a efectos de notificación

Rúa, número, planta, porta:	C.P.:
Municipio, provincia:	Teléfono:
e-mail a efectos notificación:	

##### Datos da actividade de investigación para a que presenta a solicitude

Título da actividade:	
Referencia Praza :	Investigador Principal:
Centro:	
Tese de Doutoramento: indicar se está matriculado na Tese de Doutoramento : SI NON .	
(No caso de estar matriculado adxuntar copia da matricula na solicitude)	
<b><u>DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR: FOTOCOPIA DA CERTIFICACIÓN ACADÉMICA PERSOAL , NAS PRAZAS QUE SE VALORE O EXPEDIENTE DEBERÁ REFLECTIR A NOTA MEDIA, FOTOCOPIA DO TÍTULO, E FOTOCOPIA DOS MÉRITOS ALEGADOS</u></b>	

##### EXPÓN

--

##### SOLICITA

--

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura,